



RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE SETEMBRO DE 2016, POLA QUE SE ESPECIFICAN OS REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA CONCURSAR ÁS PRAZAS DE PROFESOR ASOCIADO CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN DO 8 DE SETEMBRO DE 2016

Unha vez que se advertiu na Resolución Reitoral do 8 de setembro de 2016 a omisión dos requisitos específicos para concursar ás prazas de profesor asociado (prazas 16/1006 e 16/1007), esta Reitoría ao amparo do previsto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede a súa rectificación nos seguintes termos:

Engádesse a base **2.2 Requisitos específicos para a figura de profesor/a asociado/a:**

De acordo co artigo 3.2 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014:

O contrato poderase realizar con especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra do ámbito académico universitario. Esta actividade profesional deberá estar directamente relacionada cos contidos da actividade docente para desenvolver e ser desenvolvido por un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para acreditar os requisitos específicos esixidos para as prazas de profesor/a asociado/a, debe achegarse a seguinte documentación:

- Traballos por conta allea: certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
- Traballos por conta propia: certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da seguridade social, deberase presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.

Como consecuencia de esta rectificación **amplíase o prazo de presentación de solicitudes ata o día 20 de setembro de 2016.**

A Coruña, 13 de setembro de 2016

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal